

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

18398 *Circular 9/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para determinar a retribución das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado.*

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exixencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

A través da citada modificación asignouse á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, entre outras, a función de establecer para o sector do gas natural, e mediante circular, a metodoloxía, os parámetros e a base de activos para a retribución das instalacións de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado, conforme as orientacións de política enerxética, segundo dispón o artigo 7.1 h) da Lei 3/2013, do 4 de xuño. Por outro lado, o artigo 69 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, sobre dereitos dos titulares de instalacións de transporte de gas natural e de plantas de gas natural licuado, establece que estes terán dereito, entre outros, ao recoñecemento dunha retribución polo exercicio das súas actividades dentro do sistema gasista, nos termos establecidos no capítulo VII do título IV da lei mencionada. Así mesmo, o artigo 7.1 bis da citada Lei 3/2013, do 4 de xuño, establece a función da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de aprobar, mediante resolución, as contías da retribución das actividades de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado.

Para o ano 2020, esa retribución deberá aterse á metodoloxía de cálculo establecida no anexo XI da Lei 18/2014, do 15 de outubro. A metodoloxía de retribución establecida pola presente circular será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Mediante a Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, establecéronse as orientacións de política enerxética. O número oitavo indica, en particular, as orientacións relativas á retribución do transporte e regasificación de gas natural.

Considérase que o desenvolvemento dunha nova metodoloxía retributiva é un instrumento eficaz para reconducir os desequilibrios observados no modelo retributivo vixente de forma que se cumpran máis fielmente os principios retributivos establecidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e na Lei 18/2014, do 15 de outubro.

A circular axústase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sobre principios de boa regulación.

A necesidade da circular vén determinada polo feito de que o desenvolvemento dunha nova metodoloxía retributiva é o instrumento máis eficaz para adaptar o modelo retributivo vixente ao obxecto de reconducir os desequilibrios observados nel.

A proporcionalidade da circular deriva do feito de conter a regulación imprescindible para determinar a retribución anual dos titulares polos custos das súas instalacións de transporte e plantas de gas natural licuado. Isto é, establece as fórmulas para determinar a retribución das instalacións e empresas; recolle os procedementos que deben seguir e a información que deben fornecer para a súa inclusión e baixa no sistema retributivo, así

como para rexistrar cambios após operacións de compravenda de instalacións, e define os principios, instalacións, tipos de custos e ingresos considerados na metodoloxía.

A circular apróbase de acordo co novo marco competencial definido na normativa europea e que foi trasposto polo Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, segundo o xa indicado. Pola súa parte, a circular establece un marco normativo estable para o período 2021-2026, en consonancia co disposto na Lei 18/2014, do 15 de outubro. A circular é predicible porque está baseada nos principios que emanan da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, preserva os aspectos recollidos en metodoloxías anteriores, adaptándoas ao mercado de gas, sempre seguindo os conceptos establecidos por esta comisión nos seus informes de análise do sector. Por último, a circular integra os novos desenvolvementos coa normativa vixente, o que xera un marco normativo coherente, claro e certo, que facilita o seu coñecemento e comprensión, para vertebrar a actuación e toma de decisións dos interesados.

O principio de transparencia cúmprese ao definir claramente os obxectivos da circular e a súa xustificación. Durante a tramitación cúmprense todas as exixencias normativas en materia de participación e audiencia de interesados.

O principio de eficiencia respéctase porque a circular busca xerar as menores cargas administrativas para os administrados, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos necesarios. Para isto, determináronse e analizáronse cales eran os procedementos administrativos explícitos e implícitos resultantes da aplicación da metodoloxía retributiva vixente con obxecto de dar coherencia con outros procesos e procedementos administrativos recollidos na normativa sectorial (planificación de instalacións, autorización de instalacións, feche de instalacións, liquidación de ingresos xerados contra retribución recoñecida das empresas, etc.).

Óptase para os próximos períodos regulatorios, tal e como se indicou anteriormente, polo desenvolvemento dun modelo de retribución que aplique os principios establecidos para o modelo retributivo vixente, xunto con aquelas adaptacións e modificacións que permitan, na práctica, cumprir máis fielmente cos principios retributivos establecidos nesa regulación; todo isto mediante unha transición entre ambos os modelos progresiva, ordenada e transparente.

O modelo retributivo proposto recolle medidas que, con diferente nivel de relevancia, se corresponden con recomendacións de melloras realizadas por esta comisión en diversos informes sobre os diferentes modelos retributivos establecidos pola Lei 34/1998, do 7 de outubro, e pola Lei 18/2014, do 15 de outubro.

En particular, a circular fundaméntase no establecemento da rendibilidade dos recursos financeiros investidos (actual taxa de retribución financeira) mediante a metodoloxía WACC, aplicable a todo o período regulatorio, segundo se establece na Circular 2/2019, do 12 de novembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da taxa de retribución financeira das actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e regasificación, transporte e distribución de gas natural. Xunto a isto, a determinación da retribución por custos de operación e mantemento terá lugar mediante valores unitarios de referencia para todo o período, salvo a retribución daqueles custos variables que, sendo asignables e rastrexables, teñen unha xestión limitada polo transportista e se realizan a valor auditado.

No que respecta á retribución por extensión de vida útil (REVI) prevista no anexo XI da Lei 18/2014, do 15 de outubro, mellorouse o dito incentivo.

Así mesmo, a circular inclúe unha retribución anual por melloras de produtividade nos custos de operación e mantemento con respecto ao período anterior, que dá lugar a unha repartición equitativa entre consumidores e empresas.

Introdúcense incentivos para a promoción do uso de gas natural no transporte marítimo e terrestre co propósito de fomentar o seu uso fronte a outros hidrocarburos máis contaminantes.

Polo que se refire á retribución por continuidade de subministración (RCS) para o transporte e a regasificación de gas natural, ten lugar unha redución progresiva deste concepto retributivo no período regulatorio 2021-2026.

Outra novidade consiste na determinación do valor de investimento a valores unitarios, que se utiliza para o cálculo do valor de investimento recoñecido, cos valores unitarios vixentes na data de obtención da autorización administrativa previa da instalación, en vez de utilizar os valores vixentes ao obter a acta de posta en servizo segundo a práctica actual.

A fin de introducir o incentivo para construír só investimentos xustificadas pola súa previsión de demanda, a obtención da retribución por investimento para as novas instalacións non troncais (gasodutos de atención zonal e novas plantas de gas natural licuado) terá lugar a partir do gas realmente procesado/vehiculado.

A circular inclúe, así mesmo, un tratamento do concepto de actividade conexas para efectos retributivos, entendida como aquela actividade distinta das actividades con réxime económico regulado cuxa prestación implica o uso ou consumo de recursos das actividades con réxime económico regulado.

Outra novidade da circular consiste na inclusión dun principio de prudencia financeira requirido aos titulares de activos de transporte e plantas de gas natural licuado.

Esta circular despraza as disposicións anteriores ao Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que regulaban a metodoloxía retributiva da actividade de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado, disposicións que, nas materias que son obxecto de regulación nesta circular, viran agora inaplicables, conforme o establecido no citado real decreto lei. Dado que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce esta competencia por primeira vez, a circular non inclúe unha disposición derogatoria. Este efecto prodúcese sen prexuízo de que, a través, se for o caso, de mecanismos de cooperación, se poida articular unha táboa de vixencias para facilitar o coñecemento das normas aplicables nestas materias, así como que se dea publicidade, a través das oportunas páxinas web, ao compendio de normas aplicables, estruturado por materias.

Por todo o anterior, e conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1 h) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, despois do trámite de audiencia e de acordo coas orientacións de política enerxética establecidas na Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, segundo as conclusións alcanzadas a este respecto na Comisión de Cooperación prevista no artigo 2 do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do día 12 de decembro de 2019, acordou, de acordo co Consello de Estado, emitir a presente circular.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente circular establece a metodoloxía para determinar a retribución anual dos titulares das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado polos custos desas instalacións financiados con cargo aos ingresos polos peaxes e canons establecidos por usalas. A presente metodoloxía será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta circular será de aplicación aos gasodutos e ao resto das instalacións de transporte primario de gas natural a alta presión e ás plantas de regasificación e de licuefacción de gas natural definidas no artigo 59.2.a) e b) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Así mesmo, aplicarase ás instalacións de transporte secundario que na data de entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, dispuxesen de proxecto de execución aprobado.

Artigo 3. *Principios e criterios xerais.*

1. A metodoloxía para determinar a retribución das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado atenderá criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación; serán de aplicación os principios xerais seguintes:

- a) Establecer unha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco.
- b) Asegurar a recuperación dos investimentos realizados polos titulares no período da súa vida útil.
- c) Permitir unha razoable rendibilidade dos recursos financeiros investidos.
- d) Determinar un sistema de retribución dos custos de explotación que incentive unha xestión eficaz e a mellora da produtividade, que deberán repercutirse en parte aos usuarios e consumidores.
- e) Contribuír á sustentabilidade económica e financeira do sistema de gas natural.
- f) Considerar os custos necesarios para realizar a actividade empresa eficiente e ben xestionada de acordo co principio de realización da actividade ao menor custo para o sistema gasista con criterios homoxéneos en todo o territorio español, sen prexuízo das especificidades previstas para os territorios insulares e extrapeninsulares.

2. Os parámetros utilizados na metodoloxía de retribución que desenvolve esta circular deberán ser determinados tendo en conta a situación cíclica da economía, o equilibrio económico e financeiro do sistema gasista, a demanda de gas, a competitividade dos prezos finais da subministración de gas aos consumidores, a evolución dos custos das empresas reguladas e as melloras de eficiencia e de produtividade.

3. Durante cada período regulatorio non se aplicarán fórmulas de actualización automática aos valores de investimento recoñecidos, ás retribucións que se vaian percibir, aos valores unitarios de referencia, á taxa de retribución financeira ou a calquera outro parámetro utilizado para calcular a retribución das instalacións e/ou empresas.

4. Os parámetros de retribución establecidos nesta circular poderán ser revisados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia antes do comezo do seguinte período regulatorio e, en particular, como consecuencia da aprobación de orientacións de política enerxética por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica, de acordo co previsto no artigo 1 do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, para a súa aplicación ao seguinte período regulatorio.

Se non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para o período regulatorio seguinte, de conformidade co establecido no artigo 63.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

5. Con carácter xeral, a información requirida que teña efectos no cálculo da retribución estará suxeita a auditoría externa, todo isto sen prexuízo de requirimentos de información adicional, de posteriores inspeccións ou dunha auditoría ulterior de se considerar oportuna.

Artigo 4. *Períodos regulatorios.*

1. Os períodos regulatorios sucederanse de forma consecutiva cunha vixencia de seis anos, de conformidade co artigo 60.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

2. O período regulatorio descomponse en anos de gas completos, ou nas súas fraccións, para permitir a coordinación temporal da retribución cos períodos de aplicación de peaxes e canons de transporte que se determinen de acordo co Regulamento (UE) 2017/460 da Comisión, do 16 de marzo de 2017, polo que se establece un código de rede sobre a harmonización das estruturas tarifarias de transporte de gas.

3. Considérase que o ano de gas «a» para o cal se determina a retribución das instalacións dunha empresa ten a duración comprendida entre o 1 de outubro do ano «a-1» e o 30 de setembro do ano «a», ambos incluídos.

CAPÍTULO II

Instalacións e custos admisibles

Artigo 5. *Instalacións incluídas na metodoloxía retributiva.*

1. A metodoloxía retributiva definida na presente circular aplicarase ás seguintes instalacións de transporte de gas natural e de plantas de gas natural licuado con retribución por investimento individualizada, necesarias para a correcta realización das actividades de transporte de gas natural e de regasificación:

a) Ás instalacións con retribución por investimento individualizada cuxos custos de investimento fosen incorporados no inmovilizado material das empresas, que dispoñan de acta de posta en servizo anterior ao 13 de xaneiro de 2019 e que sexan incluídas de forma definitiva no réxime retributivo polo Ministerio para a Transición Ecolóxica.

b) Ás seguintes instalacións cuxos custos de investimento fosen incorporados no inmovilizado material das empresas, dispoñan de acta de posta en servizo do 13 de xaneiro de 2019 ou posterior e que, segundo o establecido nesta circular, sexan incluídas de forma definitiva no réxime retributivo pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia con retribución por investimento individualizada:

i. As instalacións dos gasodutos e estacións de compresión de transporte primario de gas natural recollidas na planificación aprobada, segundo o artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

ii. As instalacións das plantas de gas natural licuado recollidas na planificación aprobada, segundo o artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

iii. Aquelas outras instalacións respecto das cales, como resultado do proceso de planificación da rede de transporte de gas natural, se determine que cumpren funcións de transporte primario.

iv. As instalacións dos gasodutos de transporte secundario de gas natural recollidos na planificación aprobada, segundo o artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, que na data de entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, dispoñan de aprobación do proxecto de execución.

v. Os centros de mantemento en servizo das instalacións de transporte de gas natural.

vi. As posicións e estacións de regulación e/ou medida (ERM/EM) conectadas a gasodutos con retribución de investimento individualizada recoñecida ou planificados sempre que non pertencen a ningún tipo de instalación recollida no número 2 deste artigo.

vii. As instalacións singulares segundo se definen no artigo 23.

viii. As instalacións das plantas de gas natural licuado necesarias ou que complementen o funcionamento das instalacións existentes ou planificadas das plantas de gas natural licuado, sempre que haxa definidos uns valores unitarios de referencia de investimento ou fórmula para determinar o valor de investimento recoñecido da dita instalación.

ix. Aquelas modificacións de instalacións con retribución por investimento individualizada que impliquen unha ampliación da súa capacidade ou unha transformación do tipo de instalación.

Xunto ás instalacións anteriores, considéranse incluídos todos aqueles equipamentos e servizos auxiliares necesarios para a operación, comunicación, protección, control e subministración eléctrica delas, así como os terreos, edificacións, equipamentos informáticos, instalacións de odorización e control de calidade de gas, instalacións de conexión e outros elementos auxiliares necesarios para o seu adecuado funcionamento no momento da súa posta en servizo.

2. A metodoloxía retributiva definida na presente circular aplicarase, así mesmo, ás seguintes instalacións de transporte de gas natural e de plantas de gas natural licuado que

non teñen retribución por investimento individualizada, necesarias para a correcta realización das actividades de transporte de gas natural e de regasificación:

a) As seguintes instalacións de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado ou equipamento delas que dispoñan de proxecto técnico das instalacións e traballos que se vaian realizar, suscrito por un técnico competente, e cuxos custos de investimento fosen incorporados no inmovilizado material das empresas, non terán retribución por investimento individualizada porque os seus custos, ou ben estarán considerados para determinar os valores unitarios de referencia de investimento e/ou de operación e mantemento, polo que serán retribuídas cos importes recoñecidos ás instalacións con retribución por investimento individualizada dos números 1.a) e 1.b), ou ben serán retribuídas como gastos de explotación activados dentro da retribución por operación e mantemento:

i. Instalacións, incluídos os seus equipamentos e servizos auxiliares, cuxa resolución de inclusión definitiva no réxime retributivo determinase que non teñen dereito a retribución individualizada, e non sexan instalacións recollidas no número 2 deste artigo.

ii. Todos aqueles equipamentos e servizos auxiliares necesarios para cumprir coas normas técnicas, de seguranza e calidade industriais, de conformidade co previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, coa normativa ambiental, coas normas de xestión técnica do sistema ou con calquera outra de carácter estatal que lles sexa de aplicación, que son destinados á actualización de equipamentos, á mellora da dispoñibilidade, á operación, ao mantemento e/ou á seguranza das instalacións de transporte de gas natural ou de plantas de gas natural licuado recollidas nos números 1.a) e 1.b), cuxos custos foron incorporados ao inmovilizado material, e que foron construídos/instalados con posterioridade á data da acta de posta en servizo das instalacións actualizadas/melloradas.

iii. Calquera outra modificación das instalacións recollidas nos números 1.a) e 1.b) que non implique unha ampliación da súa capacidade ou unha transformación do tipo de instalación, e que sirvan para mellorar a eficiencia, a produtividade e a optimización das instalacións.

iv. Resto dos edificios ou inmoables, vehículos, equipamentos informáticos, equipamentos e servizos auxiliares, incluídos os de atención de urxencias, necesarios para o exercicio das funcións asignadas ao titular na parte que corresponda ás actividades de transporte de gas natural e de regasificación.

b) As instalacións de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado ou equipamento delas que dispoñan de proxecto técnico das instalacións e traballos que se vaian realizar suscrito por un técnico competente e cuxo valor de investimento non estea incorporado no inmovilizado material das empresas, entre as cales se encontrarían, ao menos, as aplicacións informáticas e os arrendamentos financeiros de instalacións, ou semellantes, non terán retribución por investimento individualizada porque, ou ben os seus custos están considerados para determinar os valores unitarios de referencia de investimento e/ou de operación e mantemento, polo que son retribuídas cos importes recoñecidos ás instalacións con retribución por investimento individualizada do número 1.a) e 1.b), ou ben son retribuídas como gastos de explotación activados dentro da retribución por operación e mantemento.

3. Non están incluídas na metodoloxía retributiva definida na presente circular as seguintes instalacións:

a) Aquelas instalacións, incluídos os seus equipamentos e servizos auxiliares, retribuídas economicamente por outra actividade con réxime económico regulado ou a través dos cargos que defina o Ministerio para a Transición Ecolóxica ou outros prezos regulados diferentes das peaxes e canons de transporte e regasificación que resulten da

Lei 34/1998, do 7 de outubro, da Lei 18/2014, do 15 de outubro, e da súa normativa de desenvolvemento. Entre elas encontraranse, ao menos, as seguintes:

- i. As instalacións dos gasodutos e ERM/EM de transporte secundario de gas natural cuxo proxecto de execución se aprobe a seguir da data de entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo.
- ii. As instalacións de conexión, incluídas as ERM/EM, de transporte-distribución e de transporte primario-transporte secundario, ou as súas ampliacións, postas en servizo desde o 1 de novembro de 2015.
- iii. As acometidas e as instalacións necesarias para a súa conexión ás instalacións de transporte e plantas de regasificación.
- iv. Os contadores de gas e equipamentos de teledosificación para aluguer.

b) Aquelas instalacións, incluídos os seus equipamentos e servizos auxiliares, non suxeitas a réxime económico regulado ou cuxos custos sexan soportados por terceiros. Entre elas encontraranse, ao menos, as seguintes:

- i. As instalacións necesarias para as conexións á rede básica ou á rede de transporte secundario dos xacementos, das plantas de fabricación de gases combustibles, dos almacenamentos subterráneos non básicos de gas natural e das instalacións exentas de acceso de terceiros á rede.
- ii. As liñas directas e as instalacións necesarias para a súa conexión ás instalacións do sistema gasista.
- iii. As modificacións ou variantes por petición de particulares ou administracións (estradas, ferrocarril, telefonía, liñas eléctricas, etc.).
- iv. As instalacións diferentes ás recollidas no número 1 utilizadas para a realización de produtos e servizos conexos.
- v. As instalacións de consumidores para o seu uso exclusivo.

4. As instalacións descritas nos números anteriores constitúen o censo de instalacións, onde se distinguirá entre:

- a) A base de instalacións con retribución por investimento individualizada que agrupa as instalacións descritas nos números 1.a) e 1.b).
- b) A base de instalacións sen retribución individualizada que agrupa as instalacións descritas nos números 2.a) e 2.b).
- c) As instalacións descritas no número 2 que permitan delimitar e identificar a rede de transporte e as plantas de GNL, así como aquelas que se usen para a realización de produtos e servizos conexos.

Todas as instalacións dos números 1.a), 1.b), 2.a).i, 3.a), 3.b).i e 3.b).ii terán asignado un código único de activo regulado (código CUAR), segundo as instrucións recollidas na Circular 1/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Pola súa parte, as instalacións dos números 2.a).ii, 2.a).iii, 2.a).iv, 2.b), 3.b).iii e 3.b).iv agruparanse por proxectos ou actuacións aos cales se asignará un código identificativo, segundo determine a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e deberán estar asociados a un dos CUAR ou obxecto final de custo (OFC) declarados/definidos de acordo coa Circular 1/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 6. Custos e ingresos considerados na metodoloxía retributiva das instalacións de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado.

1. A metodoloxía retributiva require que as sociedades titulares de instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado, de acordo co artigo 62 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, leven na súa contabilidade contas separadas para as

actividades que desenvolven, de maneira que se diferencien os ingresos e os gastos estritamente imputables a cada unha delas.

Así mesmo, os titulares de instalacións deberán levar unha contabilidade individualizada dos custos de investimento para todas aquelas instalacións que sexan obxecto de recoñecemento de retribución individualizada.

As empresas titulares de instalacións tamén deberán contabilizar de forma separada o ingreso ou gasto anual correspondente ao incentivo pola liquidación das minguas de gas.

Se for o caso, as empresas tamén levarán detalle das contas, separando os ingresos e gastos (custos e investimentos) anualmente realizados para cada un dos produtos ou servizos conexos realizados.

2. A metodoloxía retributiva terá en conta todos os custos directos e indirectos necesarios para a construción, o adecuado mantemento e funcionamento das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado e a realización das funcións correspondentes, así como aqueles ingresos que poidan diminuír os custos anteriores.

Para determinar os custos de investimento das instalacións considerárase o valor dos custos que foron incorporados por primeira vez ao inmovilizado material da empresa titular que a puxo en servizo, denominado custo a valor histórico regulatorio, con independencia de que con posterioridade se reflectan ou contabilicen actualizacións dese valor ou o valor de compravenda das instalacións.

3. Os custos e ingresos estarán recollidos no libro de inventarios e contas anuais de cada empresa previsto no artigo 28 do Código de comercio, en particular, no balance de sumas e saldos. Tamén deberán estar recollidos nas contas anuais auditadas depositadas no Rexistro Mercantil. A empresa deberá declarar, así mesmo, tales custos e ingresos no Sistema de información regulatoria de custos que desenvolve a Circular 1/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e informar deles, a fin de que consten no Sistema de información contable do sector enerxético, nos termos da Circular 5/2009, do 16 de xullo, da Comisión Nacional de Enerxía, e isto sen prexuízo das auditorías que correspondan e das peticións de información ou aclaracións que poidan requirirse.

4. En concreto, tomaranse en consideración para determinar a retribución recoñecida de cada actividade, ao menos, as seguintes contas e valores:

a) As contas do inmovilizado material. Delas deberán distinguirse o valor histórico regulatorio, neto de subvencións, doazóns e legados de capital, actualizacións de valor e importes en curso e anticipos, do valor total da conta.

b) As contas de aplicacións informáticas do inmovilizado intanxible. Delas deberán distinguirse o valor histórico regulatorio, neto de subvencións, doazóns e legados de capital, actualizacións de valor e importes en curso e anticipos, do valor total da conta.

c) Os gastos anuais incluídos nas contas do grupo 6 do Plan xeral de contabilidade netos de subvencións á explotación.

d) Os ingresos anuais incluídos nas contas do grupo 7 do Plan xeral de contabilidade, distintos das peaxes, canons e cargos ou outros prezos regulados que resulten da aplicación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, da Lei 18/2014, do 15 de outubro, e da súa normativa de desenvolvemento, que poidan diminuír os custos da alínea c) ao seren xerados directa ou indirectamente no exercicio da actividade regulada.

e) Aquela parte do beneficio procedente da venda de produtos e servizos conexos que estableza a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

5. En ningún caso formarán parte da retribución recoñecida, ao menos, os seguintes conceptos:

a) As amortizacións das instalacións con retribución individualizada ou tidas en conta nos valores unitarios de referencia.

b) As marxes en operacións con empresas do grupo, asociadas e con outras partes vinculadas.

- c) Os investimentos en curso e xuros intercalarios.
- d) Os custos directos ou indirectos empregados na realización de produtos e servizos conexas, ou outras actividades distintas das reguladas.
- e) O inmovilizado intanxible, con excepción das cantidades que correspondan ás aplicacións informáticas.
- f) Aqueles impostos en que a normativa fiscal vixente prevexa a súa exención ou devolución.
- g) Multas, sancións e o resto dos gastos excepcionais, así como indemnizacións xudiciais para resarcir terceiros.
- h) Aquelas estimacións/valoracións de gastos e ingresos que dean lugar ao rexistro dunha provisión de acordo coas obrigacións establecidas no Plan xeral de contabilidade.
- i) Os gastos (custos e investimentos) en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i).
- j) Os gastos de persoal por indemnizacións e retribucións a longo prazo por prestacións postemprego.
- k) Perdas de créditos comerciais incobrables, resultados de operacións en común e outras perdas en xestión corrente.
- l) Os custos de publicidade e de relacións públicas que non sexan estritamente necesarios para o desempeño das actividades de transporte ou regasificación.
- m) Outros gastos financeiros, perdas procedentes de activos non correntes e gastos excepcionais e perdas por deterioración e outras dotacións que correspondan, recollidas nas contas 66, 67 e 69 do Plan xeral de contabilidade.
- n) Aqueles gastos (custos e investimentos) asociados ao feche, ao desmantelamento ou á retirada da instalación e á rehabilitación do lugar onde se encontra.
- o) O sobrecurso causado, segundo o artigo 59.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, por aplicación, nalgunha das súas áreas, de normativas específicas que supoñan uns maiores custos na actividade regulada.
- p) O gasto (custo e investimento) de variantes realizadas por petición de particulares ou administracións (estradas, ferrocarril, telefonía, liñas eléctricas, etc.) ao trazado dunha canalización de gas xa existente.
- q) Os custos de investimento reais en que se incorreu para a realización das instalacións de conexión transporte-distribución ou transporte primario-transporte secundario, ou a súa ampliación, desde o 1 de novembro de 2015.
- r) Aqueles outros custos e investimentos regulados do sistema gasista, directos ou indirectos, que non estean asociados ao uso das instalacións de transporte de gas e plantas de gas natural licuado e que, de acordo co establecido no artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, sexan cubertos polos cargos que defina o Ministerio para a Transición Ecolóxica.
- s) Os custos directos ou indirectos que correspondan ao uso das instalacións de distribución e de almacenamento subterráneo básico, e á xestión técnica do sistema ou outras actividades con réxime económico regulado distinto ao das actividades de transporte e regasificación.
- t) Aqueles custos e investimentos que, en aplicación do artigo 91.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, se teñan en consideración para establecer o réxime económico dos dereitos por conexións de servizo, aluguer de contadores e outros custos necesarios vinculados ás instalacións.

Artigo 7. *Admisibilidade dos custos.*

1. A admisibilidade dos custos directos e indirectos de construción, mantemento e funcionamento das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado e a realización das funcións correspondentes determinaranse conforme os seguintes factores:

- a) Que sexa necesario. Só terán a cualificación de custos necesarios aqueles relacionados, directa ou indirectamente, coa actividade.

Considérase que un custo está directamente relacionado coa actividade cando sexa necesario para a obtención dun produto ou servizo final dela e se poida asignar de maneira inequívoca a este; considérase indirecto cando non poida asignarse de maneira inequívoca.

b) Que sexa asignable. Un custo é asignable a unha actividade sempre que poida establecerse unha relación causal entre o custo e o ben ou servizo que constitúe o obxecto da actividade. En todo caso, un custo será asignable a unha actividade regulada cando se dea algún dos seguintes requisitos:

- i. Cando se incorrese nel especificamente para a actividade.
- ii. Cando sume valor á actividade.
- iii. Cando sexa necesario para as operacións xerais do negocio que resulten precisas para o desenvolvemento da actividade.

c) Que sexa certo e estivese rexistrado na contabilidade financeira co obxecto de garantir a rastrexabilidade dos custos cos estados financeiros auditados da empresa e, en concreto, co balance de sumas e saldos.

d) Que haxa concordancia coas disposicións e estándares recoñecidos aplicables á actividade regulada. O custo limitarase aos custos necesarios para cumprir coas características definidas na lexislación vixente e os estándares técnicos recoñecidos aplicables, polo que non serán admisibles custos relacionados con maiores prestacións das exixidas, nin relacionados con elementos especificamente excluídos pola lexislación.

e) Que sexan acordes cos prezos de mercado e históricos. Os custos do ben ou servizo, en canto teñan o mesmo alcance ou similar, deben ser acordes cos rexistrados en anos anteriores e a evolución do mercado.

2. Acreditarase, ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a sustentabilidade económica e financeira do investimento, a necesidade da instalación para o cumprimento da normativa e os estándares técnicos, de seguranza, de calidade industrial, ambiental ou das normas de xestión técnica do sistema para a súa inclusión no sistema retributivo.

Artigo 8. *Produtos e servizos conexos.*

1. As empresas que proporcionen a terceiros produtos ou servizos conexos para cuxa prestación utilicen as instalacións e recursos retribuídos con cargo ao réxime económico establecido nesta circular declararán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes do 1 de xullo de cada ano, os produtos e servizos conexos correspondentes ao ano natural anterior e a súa previsión para o ano en curso, con detalle individualizado, indicando o seu alcance, empresa ou entidade compradora ou beneficiaria, ingresos percibidos, custos e instalacións asociados, beneficios obtidos e datas de inicio e fin da prestación, e achegarán os contratos asinados relativos a tales prestacións.

2. En ningún caso a realización dun produto ou servizo conexo pode supor un custo adicional para as actividades con metodoloxía retributiva regulada.

3. Para cada produto ou servizo conexo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará mediante resolución, precedendo trámite de audiencia, a metodoloxía de axuste retributivo que se vaia realizar. Esta metodoloxía terá en conta, en todo caso, os custos directos e indirectos dos activos empregados, así como o custo en que, de non mediar o emprego destes activos, se tería incorrido para poder realizar esas outras actividades. Así mesmo, poderán terse en conta, entre outros factores, o ingreso polas actividades diferentes ao transporte e a regasificación, a contribución a este ingreso realizada polos activos regulados ou as circunstancias que poidan concorrer respecto das cesións do uso dos activos entre sociedades dun mesmo grupo ou terceiras sociedades.

4. Anualmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá por resolución o importe que se considere como menor retribución que soportará o sistema gasista no ano de gas «a+1», para cada empresa e para cada produto e/ou servizo conexo efectuado durante o ano natural anterior.

CAPÍTULO III

Retribución de instalacións

Artigo 9. *Retribución anual dun titular polas instalacións de transporte de gas natural e as plantas de gas natural licuado.*

1. A retribución devindicada para o ano de gas «a» dunha empresa «e» (R_a^e) titular de instalacións de transporte de gas natural e/ou de plantas de gas natural licuado será a resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$R_a^e = RInv_a^e + RO\&M_a^e + ARPE_a^e + RSAE_a^e + RIIT_a^e$$

Onde,

$RInv_a^e$ é a retribución para o ano «a» da empresa «e» por investimento en instalacións.

$RO\&M_a^e$ é a retribución para o ano «a» da empresa «e» por operación e mantemento (O&M) das instalacións.

$ARPE_a^e$ son os axustes á retribución para o ano «a» da empresa «e» por produtividade e eficiencia.

$RSAE_a^e$ é a retribución para o ano «a» da empresa «e» por instalacións en situación administrativa especial.

$RIIT_a^e$ é a retribución para o ano «a» da empresa «e» por investimentos con impactos transfronteirizos derivados da aplicación do artigo 12 do Regulamento (UE) nº 347/2013, ou disposición que o substitúa.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, precedendo trámite de audiencia, as resolucións que establezan a retribución devindicada para o ano de gas «a» das empresas titulares de instalacións de transporte de gas natural e de plantas de gas natural licuado.

3. Cando se detecten erros materiais, de feito ou aritméticos, derivados das declaracións efectuadas polas empresas transportistas, dos informes de auditoría achegados, dos cálculos levados a cabo pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou das inspeccións e comprobacións realizadas por esta comisión, a retribución que corresponda será modificada xustificadamente, a través do correspondente procedemento.

Artigo 10. *Retribución por investimento en instalacións.*

1. A retribución devindicada para o ano de gas «a» da empresa «e» por investimento en instalacións determinarase agregando as cantidades que se vaian retribuír por cada unha das instalacións que conforman a base de instalacións con retribución por investimento individualizada desa empresa nas actividades de transporte e/ou plantas de gas natural licuado, de acordo coas seguintes fórmulas:

$$RInv_a^e = RInv_a^{e,Transporte} + RInv_a^{e,Planta de GNL}$$

$$RInv_a^{e,A} = \sum_{i=1}^n A_a^i + \sum_{i=1}^n RF_a^i + \sum_{j=1}^n RGV_a^i + \sum_{k=1}^n RFNMLL_a^i$$

Onde,

$RInv_a^{e,A}$ é a retribución para o ano de gas «a» da empresa «e» por investimento en instalacións da actividade «A».

A_a^i é a retribución por amortización para o ano «a» da instalación «i» que conforma a base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e» que pertenza á rede troncal. Ademais, aplicarase ás instalacións «i» pertencentes a plantas de gas natural licuado construídas antes do 1 de xaneiro de 2021, e a aquelas instalacións «i» de transporte primario de influencia local con autorización administrativa previa anterior ao 1 de xaneiro de 2021 que fosen adxudicadas de forma directa. Esta retribución terá efectos desde a data de posta en servizo até o fin da súa vida útil regulatoria, o feche ou cando o valor neto de investimento sexa nulo. A partir dese momento, o valor por amortización será nulo. Esta retribución obterase por aplicación da seguinte fórmula:

$$A_a^i = DVR_a^i \times A_d^i = DVR_a^i \times \frac{VI_R^i}{VU_{dias}^i}$$

Onde,

DVR_a^i son os días de vida regulatoria durante o ano de gas «a» da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e».

Considérase que, no ano de posta en servizo, os días de vida regulatoria son os días transcorridos desde a data da acta de posta en servizo, incluída esta. Pola súa parte, no ano en que finaliza a vida útil regulatoria, son os días transcorridos até a data de fin da vida útil regulatoria ou, se for o caso, a data de feche, incluída esta.

Durante o resto de anos da vida útil regulatoria, considérase que os días de vida regulatoria coinciden cos días do ano (*días do ano a*).

A_d^i é a retribución por amortización diaria da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e».

VI_R^i é o valor de investimento recoñecido da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e».

VU_{dias}^i é a vida útil regulatoria da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada, expresada en días, calculada como os días transcorridos entre a data da acta de posta en servizo ($data_{psem}$) e a data de fin da vida útil ($data_{fvu}$), ambas incluídas.

Onde $data_{fvu} = (data_{psem} + VU_{anos} - 1día)$, sendo VU_{anos} a vida útil regulatoria en anos das instalacións, de acordo co seguinte cadro:

INSTALACIÓNS	Vida útil regulatoria
Gasodutos	40 anos
Estacións de regulación e/ou medida	30 anos
Estacións de compresión	20 anos
Centros de mantemento	20 anos
Sistema de bombas secundarias de GNL	10 anos
Vaporizadores de GNL	10 anos
Tanques de GNL	20 anos
Cargadoiros de cisternas de GNL	20 anos

INSTALACIÓNS	Vida útil regulatoria
Relicador de <i>Boil-off</i>	20 anos
Sistema de compresión de <i>Boil-off</i>	20 anos
Sist. de facho/combustor planta de GNL	20 anos
Instalacións de carga/descarga de GNL en peiraos	20 anos
Cimentacións e obra civil asociada a tanques de GNL	50 anos
Peiraos e outras instalacións da planta de GNL	50 anos

RF_a^i é a retribución financeira para o ano de gas «a» da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e» con dereito a retribución por amortización A_a^i , e con efectos desde a data de posta en servizo até o fin da súa vida útil regulatoria ou o feche, momento a partir do cal será nula. Esta retribución obtérase por aplicación da seguinte fórmula:

$$RF_a^i = VNI_{R,a}^i \times TR_p \times \frac{DVR_a^i}{\text{días do ano } a}$$

Onde,

$VNI_{R,a}^i$ é o valor neto de investimento recoñecido ao inicio do ano de gas «a» da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e», que se calculará de acordo coa seguinte fórmula:

$$VNI_{R,a}^i = VI_R^i - A_a^i \times \sum_{\text{ano } pem}^{a-1} DVR_{ano}^i$$

TR_p é a taxa de retribución financeira que se aplicará no período regulatorio «p» para as actividades de transporte e regasificación, segundo o disposto na Circular 2/2019, do 12 de novembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da taxa de retribución financeira das actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e regasificación, transporte e distribución de gas natural.

$\sum_{j=1}^n RGV_a^i$ é a retribución para o ano de gas «a» do conxunto de instalacións «j» da Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e», que se obtén a partir do gas procesado ou vehiculado por elas de forma que o risco do seu desenvolvemento corresponde ao titular das instalacións. O seu valor calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\sum_{j=1}^n RGV_a^i = \sum_{P_{AC}=1}^n RGV_a^{P_{AC}} + \sum_{P_{AD}=1}^n RGV_a^{P_{AD}}$$

Onde,

$RGV_a^{P_{AC}}$ é a retribución para o ano «a» do conxunto de instalacións «i» pertencentes a un mesmo proxecto de transporte primario de influencia local adxudicado a unha empresa «e» nun procedemento de concorrencia « P_{AC} ».

Para estes efectos, considéranse instalacións «j» pertencentes a un mesmo proxecto « P_{AC} » tanto as que se adjudicaron inicialmente á empresa «e» como todas aquelas que, con posterioridade, lle son adjudicadas de forma directa para conectarse, ampliar a capacidade ou modificar a tipoloxía das instalacións existentes previamente.

Esta retribución obtérase a partir do gas vehiculado polas instalacións mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$RGV_{\alpha}^{PAC} = CGV_{\alpha}^{PAC} \times ROC^{PAC}$$

Onde,

CGV_{α}^{PAC} é a cantidade de gas vehiculado real polo conxunto de instalacións no ano de gas «a», en unidades enerxéticas, medido nos puntos de conexión cos gasodutos de augas arriba.

ROC^{PAC} é a retribución unitaria ofertada pola empresa «e» adjudicataria para construír as instalacións adjudicadas no procedemento de concorrencia.

RGV_{α}^{PAD} é a retribución para o ano de gas «a» do conxunto de instalacións «j» pertencentes a un mesmo proxecto de transporte primario de influencia local, ou dunha planta de gas natural licuado de nova construción, adjudicado a unha empresa «e» de forma directa « P_{AD} », e cuxa autorización administrativa previa sexa posterior ao 31 de decembro de 2020.

Para estes efectos, considéranse conxunto de instalacións «j» pertencentes a un mesmo proxecto « P_{AD} » tanto as instalacións que se adjudicaron inicialmente á empresa «e» como todas aquelas que, con posterioridade, lle son adjudicadas de forma directa para conectarse, ampliar a capacidade ou modificar a tipoloxía das instalacións existentes previamente.

Esta retribución obtérase a partir do gas vehiculado polas instalacións mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$RGV_{\alpha}^{PAD} = CGV_{\alpha}^{PAD} \times RUM^{PAD}$$

Onde,

CGV_{α}^{PAD} é a cantidade de gas vehiculado real polo conxunto de instalacións no ano de gas «a», en unidades enerxéticas, medido nos puntos de conexión cos gasodutos de augas arriba cando se trate dun proxecto de transporte primario de influencia local.

Para as instalacións dunha planta de gas natural licuado de nova construción será a cantidade de gas, en unidades enerxéticas, resultante de sumar o gas facturado regasificado desde a planta á rede de transporte de distribución, ou gas natural licuado cargado en camións cisterna ou en buques desde a planta, e o gas transvasado en operacións de buque a buque con axuda da planta.

RUM^{PAD} é a retribución unitaria media para o proxecto « P_{AD} » que se obtén ao dividir a retribución por amortización e retribución financeira, que se percibirá durante a vida útil regulatoria do conxunto de instalacións «j» adjudicadas inicialmente, entre a cantidade de gas considerado pola empresa «e» na xustificación da sustentabilidade económica e financeira do investimento. Esta retribución unitaria será calculada de acordo coa seguinte expresión:

$$RUM^{PAD} = \frac{\sum_j (VI_R^j + \sum_{t=0}^{VU_{\text{anos}}^j} \left((VI_R^j - \sum_t^{VU_{\text{anos}}^j - 1} A_j) \times (TR_o + XX \text{ ppb}) \right)}{\sum_{t=0}^{VU_{\text{PAD}}} CGP_t^{JSEF}}$$

Onde,

t é o número de anos contados desde a data da acta de posta en servizo máis temperá das instalacións construídas.

TR_o é a taxa de retribución financeira para as actividades de transporte e regasificación, segundo o disposto na Circular 2/2019, do 12 de novembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da taxa de retribución financeira das actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e regasificación, transporte e distribución de gas natural, que se aplique durante o período regulatorio en que se pon en servizo a primeira instalación construída do proxecto « P_{AD} ».

$XXppb_o$ Diferencial coa taxa de retribución financeira que se aplica ás actividades de transporte e regasificación durante o período regulatorio en que se pon en servizo a primeira instalación construída do proxecto « P_{AD} » que se defina mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

CGP_t^{JSEF} é a cantidade, en unidades enerxéticas, de gas vehiculado, regasificado, almacenado, procesado considerada polo titular para a xustificación da sustentabilidade económica e financeira do investimento no proxecto « P_{AD} » para o ano « t ».

$VU_{P_{AD}}$ é a vida útil en anos da instalación « x » máis lonxeva das que forman o proxecto « P_{AD} » adxudicado inicialmente.

Os importes que se percibirán por RGV_a^{PAC} e RGV_a^{PAD} en ningún caso poderán ser superiores aos importes facturados por peaxes e canóns no ano de gas « a » asociados ao uso das instalacións do proxecto, ou instalacións augas abaixo cando se trate de instalacións de transporte primario de influencia local.

Para efectos de cómputo e cobramento, a retribución polos conceptos RGV_a^{PAC} e RGV_a^{PAD} será fixada con efectos desde a data da acta de posta en servizo máis temperá das instalacións construídas. Estas retribucións serán nulas cando o seu valor actual (VA_{RGV}) sexa igual ao valor actual acumulado dos valores de investimento recoñecidos (VA_{VIR}) das instalacións de proxecto « P_{AC} » ou « P_{AD} ». Estes valores calcularanse de acordo coas seguintes fórmulas:

$$VA_{RGV} = \sum_{t=0}^n \frac{RGV_t^P}{(1 + (TR_t + XXppb_t))^t}$$

$$VA_{VIR} = \sum_{j=1}^m \sum_{t=0}^n \frac{VI_R^j}{(1 + (TR_t + XXppb_t))^t}$$

Cando se igualen os valores ou o VA_{RGV} sexa superior ao VA_{VIR} , a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá mediante resolución a data a partir da cal as instalacións afectadas deixarán de percibir retribución polo concepto RGV e, se for o caso, a retribución cobrada en exceso que debe devolverse a través do sistema de liquidacións como ingreso liquidable. Esta data corresponderase co fin da vida útil regulatoria para os efectos de cálculo da retribución por extensión de vida útil.

$RFNMLL_a^k$ Retribución financeira para o ano de gas « a », polas adquisicións de gas para o nivel mínimo de enchemento ou gas talón da instalación « k » que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa « e », que se obterá por aplicación da seguinte fórmula:

$$RFNMLL_a^k = TR_p \times \sum VAG_{NMLL,data}^k$$

Onde,

$VAG_{NMLL,data}^k$ é o valor de cada unha das adquisicións de gas para nivel mínimo de enchemento realizadas nunha data determinada para a instalación «k», calculado de acordo coa seguinte fórmula.

$$VAG_{NMLL,data}^k = P_{data}^k \times Q_{NMLL,data}^k$$

Onde,

P_{data}^k é o prezo de adquisición nunha data determinada.

$Q_{NMLL,data}^k$ é a cantidade de gas adquirida nesa data en unidades enerxéticas.

A data de inicio de devindicación da $RFNMLL_a^k$ será a data de incorporación fidedigna do gas á instalación ou, na súa falta, a data que se produza máis tarde entre a data de adquisición do gas e a data da acta de posta en servizo da instalación a que se destina o gas. Pola súa parte, a $RFNMLL_a^k$ será nula desde a primeira das seguintes datas: a data de feche da instalación que contén o gas, ou a data de entrega ao xestor técnico do sistema do gas, se este for recuperable, para o seu uso como gas de operación.

2. As instalacións «i» ou «j» que fosen cedidas ou financiadas por terceiros na súa totalidade só percibirán, se lles corresponde, retribución polas adquisicións de gas para o nivel mínimo de enchemento ou gas talón.

Artigo 11. *Valor de investimento recoñecido dunha instalación con retribución individualizada.*

1. O valor de investimento recoñecido dunha instalación «i» posta en marcha no ano de gas «a» ($VI_R^{i,a}$) que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada obterase por aplicación da seguinte fórmula:

$$VI_R^{i,a} = \frac{VI_{VU}^{i,a} + VI_{aud}^{i,a}}{2} - 0,9 \times Des - Ced - Fin - SuB - OAcc$$

Onde,

$VI_{VU}^{i,a}$ é o valor do investimento resultante da aplicación dos valores unitarios de referencia de investimento vixentes cando a instalación «i» obtivo a autorización administrativa previa.

$VI_{aud}^{i,a}$ é o valor de investimento auditado admitido da instalación «i» posta en marcha no ano de gas «a», descontados aqueles custos que non son considerados por esta metodoloxía retributiva. O valor de investimento auditado admitido nos termos que establece a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pode ser igual ou menor ao VI activado auditado presentado pola empresa en función dos axustes que se apliquen aos custos presentados por non consideralos xustificadas.

Des é o importe obtido pola venda de equipamentos desmantelados ou convertidos en ferraganchos para a construción da nova instalación.

Ced é o valor dos servizos, equipamentos e materiais que forman parte da instalación que foron cedidos por terceiros.

Fin é o valor dos servizos, equipamentos e materiais que forman parte da instalación que foron financiados por terceiros.

SuB é o valor que se minorará correspondente ás subvencións para o desenvolvemento da instalación, que se determina de acordo coa seguinte fórmula:

$$SuB = 0,9 \times SuB_{UE} + SuB_{AXE} + SuB_{CCAA} + SuB_{AALL} + SuB_{OAP}$$

Onde SuB_{O} , SuB_{AXE} , SuB_{CCAA} , SuB_{AALL} , SuB_{OAP} son as subvencións, respectivamente, de calquera organismo da Unión Europea, Administración xeral do Estado, comunidades autónomas, administracións locais, así como de calquera outra Administración ou organismo público.

O importe que reterá a empresa transportista das subvencións da Unión Europea, SuB_{UE} , para o conxunto de instalacións dun proxecto subvencionado, en ningún caso poderá superar os 10 millóns de euros.

OAcc é o valor económico doutras accións equivalentes ás anteriores relacionadas coa construción da instalación.

En ningún caso o valor de investimento recoñecido poderá ser negativo.

2. Cando a instalación «i» que se vaia incluír no réxime retributivo teña recoñecido o carácter singular do investimento, para efectos de calcular o valor recoñecido do investimento só se será en conta o valor de investimento auditado admitido da instalación e as posibles deducións por subvencións, por cesións e financiamentos de terceiros, por venda de equipamentos desmantelados ou convertidos en ferraganchos para a construción da nova instalación ou outras accións equivalentes relacionadas co desenvolvemento da instalación.

3. O valor de investimento recoñecido para determinar a retribución provisional á conta da definitiva dunha instalación «i», con independencia de que teñan carácter singular recoñecido ou non, será o resultante da aplicación dos valores unitarios de referencia de investimento vixentes cando obtivo a autorización administrativa previa.

Artigo 12. *Retribución por operación e mantemento das instalacións.*

1. A retribución devindicada para o ano de gas «a» da empresa «e» pola operación e mantemento das instalacións ($RO\&M_a^e$) determinarase por aplicación das seguintes fórmulas:

$$RO\&M_a^e = RO\&M_a^{e,Transporte} + RO\&M_a^{e,Planta\ de\ GNL}$$

$$RO\&M_a^{e,A} = \frac{3}{12} \times RO\&M_{n-1}^{e,A} + \frac{9}{12} \times RO\&M_n^{e,A}$$

$$RO\&M_n^{e,A} = \sum_{i=1}^n COM_{VU,n}^{i,A} + \sum_{i=1}^n COM_{sing,n}^{i,A} + OCOM_n^A$$

Onde,

$RO\&M_a^{e,A}$ é a retribución para o ano de gas «a» da empresa «e» por operación e mantemento (O&M) das instalacións da actividade «A».

$RO\&M_n^{e,A}$ é a retribución para o ano natural «n» da empresa «e» por O&M das instalacións da actividade «A».

$COM_{VU,n}^{i,A}$ é a retribución para o ano natural «n» por O&M da instalación «i» da actividade «A» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e» resultante da aplicación dos valores unitarios de referencia de O&M vixentes no ano natural «n».

$COM_{sing,n}^{i,A}$ é a retribución para o ano natural «n» polos custos O&M directos auditados e admitidos da instalación «i» singular da actividade «A» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e», descontados aqueles custos non considerados por esta metodoloxía retributiva e, en particular, os custos de estrutura, corporativos e calquera outro custo que se tivese en conta ao determinar os valores unitarios de referencia de O&M.

$OCOM_n^A$ é a retribución para o ano natural «n» da empresa «e» por outros custos de O&M que non están incluídos nos valores unitarios de referencia de O&M, descontados aqueles custos que non son considerados por esta metodoloxía retributiva, e sempre que sexan acreditados mediante a auditoría correspondente segundo establece a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Dentro deste concepto retributivo agrúpanse, ao menos, os seguintes custos:

- i. Os gastos de explotación activados, segundo o disposto no artigo 13, auditados e admitidos coa contía máxima de investimento realizable en cada ano que informe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ao transportista, de acordo co número 3 do artigo 22 desta circular.
- ii. Custo de adquisición do gas de operación para transporte, excluído aquel consumo realizado en instalacións de coxeración eléctrica que vertan á rede e que sexa imputable á produción eléctrica exportada.
- iii. Custo de adquisición de odorante neto daqueles ingresos que se poidan percibir pola prestación do servizo de odorización a outros transportistas, distribuidores ou outros axentes.
- iv. Custo pola subministración eléctrica para plantas de gas natural licuado e para motores eléctricos de estacións de compresión, neto daqueles ingresos que poidan percibirse pola venda de electricidade.
- v. Os incrementos de custo en que se incorreu a partir do 1 de xaneiro de 2021 por taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local na actividade de transporte debido á publicación posterior ao ano 2020 de novas ordenanzas fiscais do municipio que determinen un cambio de criterio de valoración, ou método de cálculo, das taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións.
- vi. Os incrementos de custos en que se incorreu pola actualización, a partir do 1 de xaneiro de 2021, das taxas de ocupación do dominio público portuario que resulten aplicables.

2. Os valores de custo de O&M auditados admitidos para $COM_{sing,n}^{i,A}$ e $OCOM_n^A$ poden ser iguais ou menores que o valor de custo auditado presentado pola empresa en función dos axustes que se apliquen aos custos presentados por non consideralos xustificadas.

3. A empresa «e» terá unha retribución por operación e mantemento das instalacións ($RO\&M_a^e$) provisoria á conta da definitiva para o ano de gas «a» até dispor dos custos auditados e admitidos de $COM_{singular,n}^{i,A}$ e $OCOM_n^A$.

A retribución provisoria á conta da definitiva da empresa «e» calcularase cos últimos valores auditados admitidos definitivos dispoñibles de $COM_{singular,n}^{i,A}$ e $OCOM_n^A$, e co valor $COM_{vU,n}^{i,A}$ resultante de aplicar os valores unitarios de O&M vixentes ás instalacións que conforman a Base de instalacións con retribución individualizada das empresas.

Cando se aprobe a retribución definitiva por O&M das instalacións, determinarase a diferenza entre a retribución provisoria á conta e a definitiva.

Artigo 13. *Gastos de explotación activados.*

1. Os gastos de explotación activados poden ser directos ou indirectos.
2. Os gastos de explotación activados directos son aqueles gastos en que se incorreu na actualización de equipamentos das instalacións en servizo por motivos de obsolescencia

ou por mellora das condicións de operación, dispoñibilidade, seguranza e mantemento, incluídas nos números 1.c) e 1.d) do artigo 5, que se caracterizan polo seguinte:

- a) A súa devindicación é posterior á data da acta de posta en servizo das instalacións dos números 1.a) e 1.b) do artigo 5 que se actualizan.
- b) Son activados polo transportista como maior valor do investimento.
- c) Non son recorrentes no tempo.

3. Os gastos de explotación activados indirectos son aqueles outros custos activados (tanxibles ou intanxibles) que son necesarios para que o transportista desempeñe as funcións de operación, dispoñibilidade, seguranza e mantemento das instalacións que non teñen retribución recoñecida explícita baixo o réxime retributivo da actividade, como o *hardware* e o *software* informático de xestión e operación, os vehículos usados directamente en O&M ou o mobiliario necesario.

4. A empresa transportista informará a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes do 1 de xullo de cada ano, sobre os gastos de explotación activados directos e indirectos en que se incorreu no ano natural anterior, así como aqueles en que se teña previsto incorrer nos dous anos seguintes.

A información presentada pola empresa incluírá unha lista coa descrición de cada unha das actuacións realizadas, ou que teña previsto realizar, cuxos custos se consideraron, ou se considerarán, gastos de explotación activados e onde, ao menos, se indique:

a) O código de actuación, que será único para cada actuación ou proxecto, e constará dunha letra e dúas cifras, todas elas separadas por unha «/».

A letra será T ou R segundo a actividade. A primeira cifra fará referencia ao ano en que se propón por primeira vez a actuación ou proxecto co formato (AAAA) e a segunda cifra será un secuencial numérico asignado pola empresa á actuación/proxecto dentro do conxunto de actuacións e proxectos propostos nun ano. Os secuenciais que se xeren por primeira vez nun ano de declaración deberán iniciarse pola unidade e ter continuidade entre eles.

b) Os CUAR de cada instalación afectada ou OFC afectado, segundo proceda, definidos de acordo coa Circular 1/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

c) Datas e importes do gasto activado en que se incorreu, ou en que se teña previsto incorrer, con desagregación anual cando a duración da actuación foi, ou se prevexa, superior a un ano.

d) Datas de posta en servizo, cando proceda.

O gasto en que se incorreu deberá estar auditado e deberase achegar tanto o proxecto técnico das instalacións e traballos realizados subscrito por un técnico competente e a acta de posta en servizo, cando procedan, como unha declaración sobre a necesidade de cada unha das actuacións, en que se inclúa a documentación xustificativa con indicación das normas e causas que motivan a modificación, as melloras que se incorporan e, se for o caso, os beneficios e aforros de custos que xeran.

5. Aqueles gastos de explotación activados auditados e admitidos cuxo valor por actuación ou proxecto sexa superior ou igual a 250.000 euros serán incluídos no réxime retributivo dentro do concepto *OCOM_n^A*, cun importe equivalente á retribución devindicada polos conceptos de amortización e retribución financeira calculados conforme a metodoloxía indicada no artigo 10 para as instalacións da rede troncal, coas seguintes particularidades:

a) O valor do investimento auditado admitido será determinado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aplicando o disposto nos artigos 3, 5, 6, 7, 8 e 11.

b) A vida útil regulatoria para efectos do cálculo da retribución por amortización será de 2 anos, e o inicio da súa devindicación comezará o 1 de xaneiro posterior á data de posta en servizo ou da data de incorporación ao inmovilizado.

c) Non se devindicarán axustes á retribución por produtividade e eficiencia.

6. Aqueles gastos de explotación activados auditados e admitidos cuxo valor por actuación ou proxecto sexa inferior a 250.000 euros serán incluídos no réxime retributivo dentro do concepto $OCOM_n^A$ cun importe igual ao gasto en que se incorreu auditado admitido.

7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará mediante resolución o importe dos gastos de explotación activados directos e indirectos admitidos que se inclúen no réxime retributivo cada ano de gas «a» para cada empresa «e».

Artigo 14. *Axustes á retribución por produtividade e eficiencia.*

1. A retribución devindicada para o ano de gas «a» dunha empresa «e» por axustes por mellora da produtividade e a eficiencia ($ARPE_\alpha^e$) será a resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$ARPE_\alpha^e = REVU_\alpha^e + RCS_\alpha^e + RMP_\alpha^e + IM_\alpha^e + IDS_\alpha^e$$

Onde,

$REVU_\alpha^e$ é a retribución para o ano «a» da empresa «e» por extensión de vida útil das instalacións.

RCS_α^e é a retribución para o ano «a» da empresa «e» por continuidade de subministración das instalacións.

RMP_α^e é a retribución para o ano «a» da empresa «e» pola mellora da produtividade nos custos de O&M das instalacións conseguida en períodos regulatorios anteriores.

IM_α^e é o incentivo para o ano «a» da empresa «e» correspondente á liquidación das minguas de gas, determinado de acordo co disposto no artigo 5 da Orde ITC/3128/2011, do 17 de novembro.

IDS_α^e é o incentivo para o ano «a» da empresa «e» por desenvolvemento sustentable para a promoción do uso de gas natural en transporte marítimo e terrestre.

Artigo 15. *Retribución por extensión de vida útil das instalacións de transporte de gas natural e regasificación de GNL.*

1. A retribución devindicada para o ano de gas «a» da empresa «e» por extensión de vida útil das instalacións ($REVU_\alpha^e$) determinarase agregando as cantidades que se vaian retribuír por cada unha das instalacións que conforman a Base de instalacións con retribución por investimento individualizada desa empresa nas actividades de transporte e regasificación de gas natural licuado, de acordo coas seguintes fórmulas:

$$REVU_\alpha^e = REVU_\alpha^{e,Transporte} + REVU_\alpha^{e,Planta de GNL}$$

$$REVU_\alpha^{e,A} = \sum_{i=1}^n REVU_\alpha^i$$

Onde $REVU_\alpha^i$ é a retribución por extensión de vida útil para o ano «a» da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e» á cal teñen dereito aquelas instalacións «i» que continúan en operación unha vez finalizada

a súa vida útil regulatoria, sempre que se acredite a dispoñibilidade efectiva da instalación para o seu funcionamento real. O seu valor obterase por aplicación da seguinte fórmula:

$$REVU_a^i = \frac{DEV_a^i}{\text{Días Ano } a} \times \mu_a^i \times COM_{VU,a}^i$$

Onde,

DEV_a^i son días en extensión de vida útil no ano «a» da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e».

Considérase que, no ano de fin de vida útil regulatoria, os días en extensión de vida útil son os días transcorridos desde o día seguinte á data de fin de vida útil regulatoria, incluído este, até o final do ano.

Durante o resto dos anos, salvo que exista acta de feche, considérase que os días en extensión de vida útil coinciden cos días do ano (*días ano a*).

$COM_{VU,a}^i$ é a retribución por custos de operación e mantemento a valores unitarios de referencia do elemento de inmovilizado «i» no ano «a».

μ_a^i é o coeficiente de extensión de vida útil que tomará diferente valor en función dos anos transcorridos (X) desde o final da vida útil regulatoria da instalación «i». De acordo coas fórmulas:

- Durante os cinco primeiros anos, $\mu_a^i = 0,30$.
- Entre o 6º e 10º ano, incluídos, o resultante de aplicar a fórmula $\mu_a^i = 0,30 + 0,01 \cdot (X - 5)$.
- Entre o 11º e 15º ano, incluídos, o resultante de aplicar a fórmula $\mu_a^i = 0,35 + 0,02 \cdot (X - 10)$.
- A partir do 16º ano, o resultante de aplicar a fórmula $\mu_a^i = 0,45 + 0,03 \cdot (X - 15)$, sen que poida tomar un valor superior a 1.

2. Unha instalación dunha planta de gas natural licuado acreditará a súa dispoñibilidade efectiva para o seu funcionamento real cando funcionase unha vez cada trimestre e durante 24 horas continuadas.

No caso concreto das instalacións de obra civil, portuaria e marítima, a súa dispoñibilidade efectiva para o seu funcionamento real acreditarase cando se realizasen ao menos 4 veces descargas ou cargas de GNL de/a buques nun ano de gas «a».

3. As instalacións dun gasoduto de transporte, obra lineal e posicións, acreditarán a súa dispoñibilidade efectiva para o seu funcionamento real cando non tivesen labores de mantemento que supoñan unha interrupción do servizo de 330 días durante 365 días de posible uso.

No caso das instalacións dunha estación de compresión, a súa dispoñibilidade efectiva para o seu funcionamento real acreditarase cando a estación funcionase ao menos durante 12 horas continuadas dúas veces no ano de gas «a», cun prazo mínimo de catro meses entre cada funcionamento.

As instalacións dunha estación de regulación ou medida acreditarán a súa dispoñibilidade efectiva para o seu funcionamento real cando a estación funcionase ao menos unha vez cada trimestre e durante 24 horas continuadas.

4. Os transportistas acreditarán a dispoñibilidade das instalacións mediante certificado suscrito, segundo proceda, polo responsable da planta de regasificación ou polo responsable do centro de mantemento que xestiona a instalación de transporte en extensión de vida útil.

Os certificados serán remitidos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia antes do 1 de novembro posterior ao ano de gas para o cal se acredite a dispoñibilidade das instalacións, e conterán indicación detallada do uso (día, hora de inicio e fin, m³ de

GNL, m³ de gas vehiculado, etc.) realizado durante o período por acreditar (trimestre ou ano), de cada unha das instalacións en extensión de vida útil.

Artigo 16. *Retribución por continuidade de subministración (RCS) das actividades de transporte de gas natural e regasificación de GNL*

A retribución por continuidade de subministración do ano 2020 para cada actividade «A» dunha empresa «e» titular de instalacións de transporte de gas natural e/ou de plantas de gas natural licuado ($RCS_{2020}^{e,A}$) que se determine segundo a metodoloxía recollida no anexo XI da Lei 18/2014, do 15 de outubro, será reducida gradualmente durante o primeiro período de aplicación da presente circular.

Artigo 17. *Retribución por melloras de produtividade nos custos de operación e mantemento habidas en períodos regulatorios anteriores.*

1. Cada empresa «e» titular de instalacións das actividades «A» de transporte de gas natural ou de plantas de gas natural licuado devindicará, para o ano de gas «a» do período regulatorio «p», unha retribución pola mellora de produtividade nos custos de operación e mantemento desas instalacións habidas no período anterior ($RMP_a^{e,A}$).

2. A retribución por mellora de produtividade nos custos de O&M para cada empresa «e» e para cada actividade ($RMP_{a,p}^{e,A}$) é constante para cada ano «a» do período regulatorio «p», e determínase de acordo coa seguinte fórmula:

$$RMP_{a,p}^{e,A} = \%R_{p-1} \times MPO_{p-1}^{tp,e,A}$$

Onde,

$\%R_{p-1}$ é a porcentaxe que manterán as empresas, despois da repartición con usuarios e consumidores, das melloras de produtividade no período anterior «p-1» que se defina mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

tp é a tipoloxía de instalación que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e»: gasodutos de transporte, estacións de compresión, estacións de regulación ou medida e plantas de gas natural licuado.

$MPO_{p-1}^{tp,e,A}$ é o valor da variación da produtividade observada no período regulatorio anterior «p-1» na retribución dos custos de O&M da tipoloxía «tp» de instalacións da actividade «A» e para a empresa «e».

3. O valor da variación da produtividade observada no período regulatorio anterior «p-1» na retribución dos custos de O&M da tipoloxía «tp» de instalacións ($MPO_{p-1}^{tp,e,A}$) determinarase para cada tipoloxía de instalación, tendo en conta os seguintes factores:

- Valores unitarios de O&M, aplicables no período «p-1» ás instalacións da tipoloxía «tp».
- Instalacións en servizo no 30 de setembro do último ano do período regulatorio «p-1» de cada empresa «e».
- Os custos de O&M de instalacións da tipoloxía «tp» da empresa «e» que se utilizaron para determinar os valores unitarios de O&M da tipoloxía «tp» aplicables no período regulatorio «p».

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, logo de audiencia e mediante resolución, os importes de $MPO_{p-1}^{tp,e,A}$ e de $RMP_{a,p}^{e,A}$ provisionais, cos mellores datos dispoñibles, e os importes definitivos para o período anterior, xunto coas liquidacións que correspondan polas diferenzas cos valores provisionais, cando se dispoña da información correspondente.

Artigo 18. *Retribución por incentivo por desenvolvemento sustentable para a promoción do uso de gas natural en transporte marítimo e terrestre.*

1. Para a promoción do uso de combustibles menos contaminantes no sector de transporte, cada empresa «e» titular de instalacións de transporte de gas natural ou de plantas de gas natural licuado devindicará para o ano de gas «a» unha retribución por incentivo por desenvolvemento sustentable para a promoción do uso de gas natural en transporte marítimo e terrestre (IDS_a^e). O seu valor determinarase mediante a seguinte fórmula:

$$IDS_a^e = RGS_{EESS} \times GSF_{EESS}^e + RGS_{GNL} \times GSF_{GNL}^e$$

Onde,

RGS_{EESS} é a retribución unitaria adicional polo gas natural facturado a puntos de subministración conectados á rede de transporte correspondentes a estacións de servizo para a súa venda como gas natural vehicular que se defina mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

GSF_{EESS}^e é a cantidade de gas natural facturada no ano de gas «a» pola empresa «e» en puntos de subministración conectados á rede de transporte correspondentes a estacións de servizo para a súa venda como gas natural vehicular.

RGS_{GNL} é a retribución unitaria adicional polo gas natural licuado facturado desde as plantas de gas natural licuado a buques para consumo ou venda como combustible marítimo que se defina mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

GSF_{GNL}^e é a cantidade de gas natural licuado facturada no ano de gas «a» pola empresa «e» desde as plantas de gas natural licuado a buques para consumo ou venda como combustible marítimo.

2. Para os efectos das definicións anteriores, GSF_{EESS}^e e GSF_{GNL}^e , tomaranse os datos da liquidación definitiva do ano de gas «a» sen refacturacións correspondentes a cantidades anteriores ao 1 de xaneiro de 2021.

Artigo 19. *Retribución por instalacións en situación administrativa especial.*

1. A retribución devindicada para o ano de gas «a» dunha empresa «e» por instalacións en situación administrativa especial ($RSAE_a^e$) será a resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$RSAE_a^e = RST_a^e + RISL_a^e$$

Onde:

RST_a^e é a retribución transitoria para o ano «a» da empresa «e» por instalacións afectadas por unha suspensión na tramitación da autorización de explotación.

$RISL_a^e$ é a retribución para o ano «a» da empresa «e» para as instalacións cun réxime económico singular e de carácter temporal, como é o caso da prestación de servizos loxísticos de gas natural licuado, de acordo co artigo 60.7 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, que se determinará mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. Os titulares daquelas instalacións que estean en situación administrativa especial deberán solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o establecemento

dun réxime económico transitorio ou de carácter temporal para a instalación. Coa solicitude achegarse unha memoria en que se recollerán, ao menos, as razóns administrativas que acrediten a situación especial da instalación, información auditada dos custos de investimento e dos custos de O&M directos en que se incorreu pola instalación, así como unha previsión dos custos de O&M directos nun horizonte mínimo de 10 anos.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará o réxime económico transitorio ou de carácter temporal aplicable á instalación que estea en situación administrativa especial, determinando, se for o caso, a data de inicio da devindicación, o valor bruto de investimento transitorio recoñecido para a instalación e a metodoloxía de detalle que permita determinar a retribución anual da instalación.

A retribución devindicada por instalacións en situación administrativa especial percibirase como retribución provisional á conta até que se resolva a inclusión definitiva no réxime retributivo da instalación. A resolución de inclusión definitiva no réxime retributivo determinará, se for o caso, as regularizacións de retribución que se vaian realizar desde a data de inicio da devindicación.

Artigo 20. Criterios para a determinación dos valores unitarios de referencia de investimento e de operación e mantemento.

1. Os valores unitarios de referencia serán únicos para todo o territorio nacional e constantes para o período regulatorio, sen prexuízo das especificidades previstas para os territorios insulares e extrapeninsulares.

Os valores unitarios de referencia de investimento das instalacións de transporte de gas e das plantas de gas natural licuado determinaranse de acordo cos valores medios representativos habidos do custo de investimento das instalacións cuxo deseño técnico e condicións operativas se adapten aos estándares utilizados no sistema gasista, e conforme a evolución dos principais indutores de custos considerados.

Os valores unitarios de referencia de operación e mantemento das instalacións terán en conta todos os custos que sexan necesarios para garantir o correcto mantemento e funcionamento do conxunto de instalacións en servizo no período de aplicación, excluídos os denominados gastos de explotación que fosen activados.

2. Para a súa determinación terase en conta o disposto nesta circular e, en particular, o recollido nos artigos 3, 5, 6 e 7 sobre principios e criterios, instalacións, custos e ingresos considerados na metodoloxía retributiva e admisibilidade dos custos necesarios, así como no artigo 8 sobre produtos e servizos conexas.

Así mesmo, poderá terse en conta o resultado de estudos de eficiencia no ámbito europeo, de forma que se incentive o transportista a alcanzar progresivamente os custos correspondentes a unha empresa eficiente e ben xestionada comparable a nivel europeo.

3. Os valores unitarios de referencia de investimento e de operación e mantemento das instalacións serán utilizados, respectivamente, para determinar o valor de investimento recoñecido ($VI_R^{i,a}$), e a retribución por operación e mantemento a valores unitarios para cada ano de gas ($COM_{VU,a}^{i,a}$) das instalacións que conforman a Base de instalacións con retribución individualizada de cada empresa para unha actividade dada, todo isto segundo o establecido nos artigos 10 e 11.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, logo de audiencia, mediante circular, os valores unitarios de referencia de investimento e de operación e mantemento (O&M) para cada período regulatorio, a forma en que deben aplicarse para determinar o valor de investimento (VI_{VU}^i) e a retribución anual por O&M (COM_{VU}^i) a valores unitarios dunha instalación «i».

Artigo 21. Retribución máxima admisible que se utilizará nos procedementos de concorrencia.

1. Por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinarase a retribución máxima admisible por MWh vehiculado que se utilizará nos

procedementos de concorrencia para a adxudicación de instalacións de transporte primario de influencia local.

Este valor será establecido de acordo co disposto nesta circular e, en particular, co recollido nos artigos 3, 5, 6 e 7 sobre principios e criterios, instalacións, custos e ingresos considerados na metodoloxía retributiva e admisibilidade dos custos necesarios, así como no artigo 8 sobre produtos e servizos conexos.

2. A retribución máxima admisible por MWh utilizarase para determinar cales ofertas económicas presentadas pasan á fase de valoración do procedemento de concorrencia para a adxudicación de instalacións.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá en sobre fechado ao tribunal cualificador previsto no Real decreto 984/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o mercado organizado de gas e o acceso de terceiros ás instalacións do sistema de gas natural, o valor da retribución máxima por MWh para a súa apertura durante a sesión de apertura dos sobres das ofertas económicas.

CAPÍTULO IV

Inclusión e baixa no sistema retributivo

Artigo 22. *Plans de investimento e de feche de instalacións.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará os plans de investimento e de feche de instalacións das empresas titulares das instalacións de transporte de gas e de plantas de gas natural licuado, nos termos do artigo 4.4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e do artigo 7.7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

O xestor técnico do sistema colaborará coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia na avaliación e seguimento dos plans de investimento dos transportistas.

2. Os plans de investimento e de feche de instalacións das empresas titulares incluírán, para cada instalación ou proxecto, ao menos a seguinte información:

a) Identificación da instalación ou proxecto segundo a desagregación e o código establecidos no artigo 5.

b) Nome da instalación ou proxecto e descrición detallada do alcance dos traballos ou investimento.

c) Características técnicas máis significativas.

d) Localización da instalación ou, cando se trate de gasodutos, orixe, percorrido orientativo e final.

e) Se for o caso, esquemas descritivos adecuados.

f) Investimentos realizados até o ano de presentación e previstos con detalle anual nun horizonte de 10 anos e en miles de euros.

g) Subvencións ou medidas de efecto equivalente, percibidas até o ano de presentación e que se prevexa obter con detalle anual nun horizonte de 10 anos e en miles de euros.

h) Data prevista de posta en explotación ou de feche (trimestre ou ano).

i) Xustificación do investimento, ou do custo do feche, por razóns de xestión técnica do sistema, por motivos técnicos, de seguranza e calidade industrial, ou por cuestións ambientais, así como a súa sustentabilidade económica e financeira. A xustificación da sustentabilidade económica e financeira do investimento que orixine a instalación realizarase considerando a vida útil regulatoria desde a data de posta en servizo e indicando os ingresos que estea previsto obter mediante as peaxes, canons, cargos ou outros prezos regulados que resulten da Lei 34/1998, do 7 de outubro, da Lei 18/2014, do 15 de outubro, e da súa normativa de desenvolvemento; as subvencións de administracións ou organismos públicos e medidas de efecto equivalente; os contratos asinados e compromisos obtidos dos usuarios ou consumidores que avalen o uso futuro da instalación; as cantidades de gas que estea previsto vehicular ou procesar pola

instalación e calquera información asociada a outro vector explicativo do uso ou xeración de ingresos da instalación.

- j) Administración competente para o outorgamento da autorización administrativa.
- k) Estado de tramitación administrativa.
- l) Grao de avance da construción.
- m) Se for o caso, deberase indicar se o investimento está proposto ou recollido:
 - i) Na proposta de instalacións, para os efectos da planificación en materia de hidrocarburos, recollida no artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.
 - ii) No plan decenal de desenvolvemento da rede de transporte recollido no artigo 22 da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.
 - iii) No plan decenal de desenvolvemento da rede de ámbito comunitario e non vinculante de ENTSOG, recollido no artigo 8, número 3, alínea b), do Regulamento (CE) nº 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.
 - iv) Nos proxectos de interese común, segundo o Regulamento (UE) nº 347/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013.

3. A supervisión dos plans de investimento dos transportistas comprobará a súa adecuación ao plan de desenvolvemento da rede no ámbito da Unión Europea, realizando, se for o caso, recomendacións para a súa modificación.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia incluírá os resultados desa supervisión no seu informe anual remitido á Axencia para a Cooperación dos Reguladores da Enerxía e á Comisión Europea.

Do mesmo modo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará os transportistas da supervisión realizada sobre os plans de investimento propostos, verificando que corresponden cos custos necesarios para realizar a actividade como empresa eficiente e ben xestionada, de acordo cos principios de realización da actividade ao menor custo para o sistema gasista e de equilibrio económico e financeiro. Para cada investimento indicárase a suficiencia da xustificación dada polo transportista, o método de retribución aplicable e, en termos globais para cada transportista, a contía máxima do investimento realizábel en cada ano para investimentos en instalacións incluídas nas alíneas 1.c) e 1.d) do artigo 5 e para os gastos de explotación activados indirectos.

Así mesmo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá un informe á proposta do xestor da rede de transporte no inicio da planificación establecida no artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, que reflecta as súas recomendacións coas implicacións económicas dos investimentos previstos e o seu impacto na sustentabilidade económico-financieira do sistema gasista.

De igual modo, no trámite de audiencia á proposta de planificación, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará o Ministerio para a Transición Ecolóxica sobre a planificación e o control dos investimentos, e sinalará aqueles aspectos non considerados no seu informe inicial.

4. A xustificación, segundo proceda, da sustentabilidade económica e financeira do investimento realizado en instalacións de transporte primario de influencia local ou en instalacións de plantas de gas natural licuado, ou da necesidade da instalación para o cumprimento da normativa técnica, de seguranza, de calidade industrial e ambiental, poderá acreditarse até a solicitude de inclusión definitiva no réxime retributivo. A estimación de demanda comunicada polos titulares destas instalacións considerarase vinculante para efectos retributivos.

5. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia facilitará o acceso á información prevista neste artigo tanto ao Ministerio para a Transición Ecolóxica como ás comunidades autónomas que o soliciten no ámbito das súas competencias.

Artigo 23. Instalacións singulares polas súas características técnicas especiais.

1. Con carácter excepcional poderase solicitar a inclusión no réxime retributivo de instalacións singulares con características técnicas especiais. Para efectos de calcular o

seu valor de investimento recoñecido, non se terán en conta os valores unitarios de referencia senón o valor auditado admitido.

2. Entenderase por instalacións singulares con características técnicas especiais aquelas instalacións de transporte ou plantas de gas natural licuado que teñan condicións operativas ou características construtivas que difiran e superen amplamente os estándares habituais empregados no sistema gasista nacional, como ocorre coas redes submarinas e as súas estacións de compresión asociadas.

3. Con carácter xeral, non se considerarán instalacións singulares aquelas cuxo custo sexa superior ao que resulta de aplicar os valores unitarios de referencia debido, entre outros, a que existan incrementos nas partidas ou concepto de custos que fosen considerados para o cálculo dos valores unitarios de referencia de investimento ou de operación e mantemento, ou porque os trazados por que discorran ou as súas localizacións supoñan un custo superior ao de referencia.

4. O carácter singular da instalación será aprobado por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia antes de que se realice a adxudicación do proxecto. Para estes efectos, o promotor deberá detallar e xustificar a singularidade da instalación achegando informes acreditativos sobre as condicións operativas ou técnicas construtivas da instalación e a estimación de custos de investimento e de operación e mantemento daquela.

Artigo 24. *Inclusión provisional de novas instalacións no réxime retributivo.*

1. A inclusión provisional dunha instalación no réxime retributivo realizarase a través da resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que determine a retribución devindicada para o ano de gas «a» das empresas titulares de instalacións con retribución individualizada.

2. As instalacións incluídas de forma provisoria no réxime retributivo poderán ter unha retribución por investimento provisional á conta da definitiva desde a data da acta de posta en servizo, sempre que a súa tipoloxía teña valores unitarios de referencia de investimento definidos.

3. O titular da instalación deberá solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a inclusión provisoria no réxime retributivo dunha nova instalación ou a modificación dunha instalación existente, cuxa capacidade fose ampliada. A solicitude terá como data límite de presentación o 1 de febreiro posterior á data da acta de posta en servizo.

Coa solicitude achegarase unha memoria en que se recollerá, segundo proceda, a seguinte documentación sobre a instalación:

a) Autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e acta de posta en servizo definitiva.

b) Caracterización da instalación para a cal se solicite a inclusión provisional no réxime retributivo.

c) Declaración sobre as adquisicións de gas para nivel mínimo de enchemento, onde se indique a instalación a que se destina, a data de adquisición, a cantidade de gas adquirida expresada en unidades enerxéticas, o valor de adquisición e a data de incorporación fidedigna do gas á instalación, xunto coas facturas acreditativas correspondentes.

d) Declaración, con desagregación mensual, sobre a cantidade de gas vehiculada expresada en unidades enerxéticas, medida no punto de conexión co gasoduto de augas arriba, polo conxunto de instalacións postas en servizo que foron adxudicadas nun mesmo procedemento de concorrncia, xunto con informe acreditativo do xestor técnico do sistema.

e) Xustificación, segundo proceda, da sustentabilidade económica e financeira do investimento realizado en instalacións de transporte primario de influencia local ou de plantas de gas natural licuado, ou da necesidade da instalación para o cumprimento da normativa técnica, de seguranza, de calidade industrial, ambiental, das normas de xestión

técnica do sistema ou calquera outra de carácter estatal que lle sexa de aplicación para instalacións de transporte troncal.

Artigo 25. *Inclusión definitiva de novas instalacións no réxime retributivo.*

1. A inclusión definitiva no réxime retributivo dunha instalación realizarase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e sen prexuízo das autorizacións administrativas necesarias a que fai referencia o artigo 55 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

A resolución de inclusión definitiva no réxime retributivo determinará, se for o caso, as diferenzas entre a retribución provisoria á conta e a retribución definitiva desde a data de inicio da devindicación.

2. O titular da instalación deberá solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a inclusión definitiva no réxime retributivo, tanto se é unha nova instalación como se se trata dunha modificación dunha instalación existente cuxa capacidade fose ampliada.

Coa solicitude achegarase, segundo proceda, a seguinte documentación sobre a instalación, sempre que non fose xa achegada nos procedementos de inclusión provisoria no réxime retributivo ou de supervisión dos plans de investimento das empresas:

a) Autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e acta de posta en servizo definitiva.

b) Valor do investimento realizado, sometido a auditoría externa, declarado segundo o procedemento que estableza a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

c) Declaración expresa de axudas e achegas dos ingresos procedentes de fondos públicos recibidos ou comprometidos, ou medidas de efecto equivalente.

d) Declaración de instalacións cedidas e financiadas total ou parcialmente por terceiros.

e) Táboa resumo de caracterización da instalación posta en servizo que aplique, xunto co esquema mecánico final de obra (*as built*) da instalación con detalle suficiente e onde se diferencie entre as instalacións preexistentes, a que é obxecto de inclusión en retribución definitiva e as futuras; todo isto debidamente completado e subscrito por técnico facultativo competente e segundo estableza a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

f) Declaración sobre as adquisicións de gas para nivel mínimo de enchemento, onde se indique a instalación a que se destina, a data de adquisición, a cantidade de gas adquirida expresada en unidades de enerxía, o valor de adquisición e a data de incorporación fidedigna do gas á instalación, xunto coas facturas acreditativas correspondentes.

g) Declaración, con desagregación mensual, sobre a cantidade de gas vehiculada expresada en unidades de enerxía, medida no punto de conexión co gasoduto de augas arriba, polo conxunto de instalacións postas en servizo que foron adxudicadas nun mesmo procedemento de concorrencia, xunto con informe acreditativo do xestor técnico do sistema.

h) Fundamentación da sustentabilidade económica e financeira do investimento que orixine a instalación para a vida útil regulatoria desde a data de posta en servizo da instalación, indicando os ingresos que se prevé obter mediante as peaxes, canons, cargos e/ou outros prezos regulados que resulten da Lei 34/1998, do 7 de outubro, da Lei 18/2014, do 15 de outubro, e da súa normativa de desenvolvemento; as subvencións de administracións ou organismos públicos e medidas de efecto equivalente; os contratos asinados e compromisos obtidos dos usuarios ou consumidores que avalen o uso futuro da instalación; as cantidades de gas que estea previsto vehicular ou procesar pola instalación; e calquera información asociada a outro vector explicativo do uso ou xeración de ingresos da instalación.

i) Se for o caso, auditoría técnica que xustifique que os custos en que se incorreu son superiores aos valores unitarios polas súas especiais características ou problemática.

j) Xustificación da necesidade de incorporar a instalación ao sistema gasista en cumprimento da normativa técnica, de seguranza e/ou calidade industrial, de conformidade co previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, coa normativa ambiental, coas normas de xestión técnica do sistema ou con calquera outra de carácter estatal que lles sexa de aplicación.

3. A data límite para solicitar a inclusión definitiva no réxime retributivo dunha instalación será o 1 de xullo do segundo ano posterior ao ano de posta en servizo.

Artigo 26. *Tratamento retributivo da transmisión de titularidade de instalacións*

1. Os titulares implicados nunha transmisión de titularidade dunha instalación de transporte ou de plantas de gas natural licuado deberán notificalo á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a súa toma en consideración para efectos do réxime retributivo.

Esta notificación realizarase no prazo de dez días desde que se faga efectiva a transmisión e achegarase coa seguinte documentación:

- a) Identificación das instalacións obxecto da transmisión.
- b) Notificación da data efectiva da transmisión de cada instalación.
- c) Escritura notarial rexistrada da transmisión de titularidade da instalación ou instalacións.
- d) Autorización administrativa de transmisión da titularidade pola autoridade competente.

2. O transmitente terá dereito a recibir a retribución establecida para o ano de gas «a» das instalacións transmitidas até o día anterior á data efectiva da transmisión, mentres que o novo titular terá dereito a recibir a retribución establecida para as instalacións transmitidas desde a data efectiva de transmisión, incluída esta, até o final do ano, polos seguintes conceptos retributivos:

- a) Retribución por investimento das instalacións con retribución individualizada ($RInv_a^i$).
- b) Retribución por operación e mantemento asociada ás instalacións.
- c) Retribución por extensión de vida útil das instalacións ($REVU_a^i$).
- d) Incentivo pola liquidación das minguas asociadas á instalación transmitida (IM_a^e).
- e) Retribución por instalacións en situación administrativa especial ($RSAE_a^i$).

Pola súa parte, a retribución por continuidade de subministración (RCS_a^e) e a retribución por melloras de produtividade nos custos de O&M (RMP_a^e) non se transmiten á empresa adquirente, senón que as mantén a empresa transmitente.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá mediante resolución, logo do trámite de audiencia, a repartición entre titulares dos importes anuais de retribución asociados ás instalacións transmitidas e os axustes que se van realizar na retribución de cada empresa ese ano para os conceptos de retribución por investimento das instalacións con retribución individualizada ($RInv_a^e$), de retribución por extensión de vida útil das instalacións ($REVU_a^i$) ou de retribución por instalacións en situación administrativa especial ($RSAE_a^e$). A repartición da retribución no ano de transmisión será proporcional aos días de titularidade de cada empresa.

Os axustes, no ano de transmisión, na retribución por O&M das instalacións ($RO\&M_a^e$) dos titulares implicados efectuaranse ao determinar a retribución definitiva por O&M dese ano e realizaranse repartindo, se for o caso, a retribución por O&M a valores unitarios da instalación de forma proporcional aos días no ano de titularidade de cada empresa.

4. O incentivo pola liquidación das minguas asociadas á instalación transmitida (IM_a^e) calcularase de acordo co previsto no artigo 14 e será proporcional aos días de titularidade de cada empresa.

Artigo 27. *Tratamento retributivo de instalacións con feche.*

1. O titular dunha instalación de transporte ou de plantas de gas natural licuado que proceda ao feche autorizado dunha instalación deberá notificalo á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a súa baixa no réxime retributivo.

Esta notificación realizarase no prazo de dez días desde que se faga efectivo o feche e acompañarase da autorización administrativa de feche e da acta de feche efectivo da instalación subscrita por técnico competente.

2. As instalacións fechadas non terán dereito a recibir retribución polos seguintes conceptos retributivos:

- a) Retribución por investimento das instalacións con retribución individualizada ($RInv_a^i$).
- b) Retribución por operación e mantemento asociada ás instalacións.
- c) Retribución por extensión de vida útil das instalacións ($REVV_a^i$).
- d) Retribución por instalacións en situación administrativa especial ($RSAE_a^i$).

3. As instalacións con feche temporal non devindicarán retribución durante o dito período, mentres que para as instalacións con feche definitivo se detraerá a parte proporcional correspondente da cantidade que se considerase para a retribución de tal instalación no ano de feche, tomando a primeira data que se cumpra das seguintes:

- a) Data da acta de feche.
- b) Data de caducidade da autorización administrativa de explotación recollida na autorización administrativa de feche.
- c) Data, se for o caso, en que a autorización administrativa de feche estableza o fin da retribución.

4. A retribución por continuidade de subministración (RCS_a^e) e a retribución por melloras de produtividade nos custos de O&M habidas (RMP_a^e) da empresa implicada nun feche de instalacións non se verán modificadas pola existencia da dita operación.

5. A baixa temporal ou definitiva do réxime retributivo dunha instalación aprobarase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que recollerá, se for o caso, as cantidades para minorar da retribución inicial da empresa para o ano de feche da instalación polos conceptos de retribución por investimento das instalacións con retribución individualizada ($RInv_a^e$), de retribución por extensión de vida útil das instalacións ($REVV_a^i$) ou de retribución por instalacións en situación administrativa especial ($RSAE_a^e$). A cantidade de retribución para minorar no ano será proporcional aos días que resten até o 30 de setembro, desde a data de feche considerada.

Pola súa parte, a minoración na retribución anual por O&M das instalacións ($RO\&M_a^e$) dos titulares polo feche de instalacións realizarase minorando, se for o caso, a retribución por O&M a valores unitarios de forma proporcional aos días no ano que a instalación estivo fechada, cando se determine a retribución definitiva por O&M da empresa para o ano en que tivo lugar o feche.

6. O titular da instalación obxecto de feche definitivo terá dereito a recibir as cantidades que correspondan pola parte do valor de investimento recoñecido que estea pendente de amortizar na data de feche considerada. No caso de que a instalación obxecto de feche sexa substituída por outra instalación do mesmo tipo, a anterior cantidade aboada en concepto de amortización pendente detraerase do valor de investimento da nova instalación.

7. Se a instalación tiver gas de nivel mínimo de enchemento para o seu funcionamento e este for recuperable, entregarase ao xestor técnico do sistema para o seu uso como gas de operación e ao titular recoñeceráselle e aboaráselle o custo de adquisición recoñecido dese gas.

CAPÍTULO V

Prudencia financeira requirida aos titulares de activos de transporte e regasificación de gas natural

Artigo 28. *Prudencia financeira requirida aos titulares de activos de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado.*

1. Para efectos de incorporar un principio de prudencia financeira requirido aos titulares de activos de transporte e plantas de gas natural licuado, establécese unha penalización para as empresas cuxas ratios se sitúen fóra dos rangos de valores recomendables enunciados no ordinal quinto da Comunicación 1/2019, do 23 de outubro de 2019, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de definición de ratios para valorar o nivel de endebedamento e a capacidade económico-financiera das empresas que realizan actividades reguladas, e de rangos de valores recomendables.

2. A penalización para a empresa «e» para o ano «n» será o resultado de aplicar as seguintes fórmulas.

$$PPF_n^e = -0,01 * R_n^e * (1 - IGR_{n-2}^e), \text{ se } IGR_{n-2}^e < 0,90$$

Onde:

n é cada ano natural do período regulatorio.

PPF_n^e é o valor da penalización no ano «n», en €.

R_n^e é a retribución da empresa «e» polas instalacións de transporte e plantas de gas natural licuado para o ano natural «n», determinada de acordo coa seguinte fórmula:

$$R_n^e = \frac{3}{4} RL_\alpha^e + \frac{1}{4} RL_{\alpha+1}^e$$

Onde:

RL_α^e é a retribución da empresa «e» polas instalacións de transporte ou plantas de gas natural licuado para o ano de gas «a» segundo as retribucións consideradas para tales instalacións na liquidación definitiva do citado ano de gas.

IGR_{n-2}^e é o índice global de ratios calculado cos estados financeiros do ano «n-2» para a empresa «e», definido no ordinal sexto da Comunicación 1/2019, do 23 de outubro de 2019, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. A penalización non será aplicable se deriva da existencia de saldos pendentes de liquidar ao sistema gasista ou de fianzas e depósitos pendentes de devolver a clientes que se computasen como débeda.

4. A penalización non será aplicable se a empresa «e» forma parte dun grupo de sociedades en que a matriz do grupo tamén é titular de activos do sistema gasista e, a nivel agregado ou consolidado da matriz e as súas filiais titulares de activos de rede, o IGR é superior ou igual a 0,90.

5. O índice global de ratios do ano «n-2» determinarase, para cada titular de activos do sistema gasista, sobre os seus datos relativos ao exercicio «n-2», por resolución da CNMC, logo de audiencia aos interesados, na cal poderán alegar sobre os cálculos realizados e sobre a concorrencia dos supostos recollidos nos números 3 e 4.

6. O valor da penalización de cada ano natural «n» para cada empresa «e» determinarase por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

CAPÍTULO VI

Outras disposicións*Artigo 29. Devindicación da retribución recoñecida.*

As retribucións recoñecidas de forma provisional á conta ou definitiva correspondentes ao ano de gas en curso serán devindicadas en proporción ao número de días naturais transcorridos no ano de gas.

Artigo 30. Requirimentos de información adicional.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá pedir aos suxeitos obrigados calquera información que teña por obxecto aclarar o alcance e xustificar o contido das informacións remitidas en cumprimento da presente circular.

Artigo 31. Inspeccións.

De conformidade co artigo 7.39 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá realizar as inspeccións que considere oportunas co fin de confirmar a veracidade da información que, en cumprimento da presente circular, lle sexa achegada.

Se como consecuencia das inspeccións se detectaren diferenzas na caracterización das infraestruturas, nos seus parámetros básicos ou nos custos declarados, poderanse modificar, a través do correspondente procedemento, os parámetros retributivos relativos a esas instalacións mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional primeira. Período regulatorio de aplicación.

O primeiro período de aplicación da metodoloxía de retribución recollida na presente circular transcorrerá desde o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2026.

Disposición adicional segunda. Determinación do ano de gas 2021.

Para efectos de determinar a retribución das instalacións dunha empresa, o ano de gas 2021 iniciárase no 1 de xaneiro de 2021 e finalizará no 30 de setembro de 2021.

Disposición adicional terceira. Revisión do valor bruto de investimento recoñecido para activos que sufrisen alleamento de parte das súas instalacións.

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor da presente circular, as empresas titulares de instalacións de transporte de gas natural e de plantas de gas natural licuado informarán a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia dos alleamentos habidos de parte das súas instalacións a terceiros, indicando para cada unha das instalacións a orixe, a data do alleamento, o nome do comprador, a descrición da instalación transmitida, o valor de investimento da instalación transmitida, o valor de venda da instalación transmitida, se o titular vendedor realiza o mantemento da instalación alleada, os ingresos anuais, se for o caso, por realizar o mantemento, se o titular vendedor recibe servizo das instalacións alleadas, e o custo anual por recibir esas prestacións, xuntando os contratos de compravenda, de prestación de servizos de mantemento ou outros por parte da empresa regulada, e de prestación de servizos á empresa regulada pola titular das instalacións alleadas.

No caso de que se producisen alleamentos de parte das instalacións con retribución regulada, revisarase o valor do investimento recoñecido para telo en conta, se for o caso, e determinar un novo valor de investimento recoñecido para as instalacións onde acontecesen tales circunstancias.

Disposición adicional cuarta. *Valor neto de investimento recoñecido pendente de amortizar no 31 de decembro de 2020 dunha instalación da Base de instalacións con retribución individualizada.*

1. O valor neto de investimento recoñecido pendente de amortizar no 31 de decembro de 2020 da instalación «i» da Base de instalacións con retribución individualizada que estivese en servizo en 4 xullo de 2014 é o resultante da seguinte fórmula:

$$VNI_{R \text{ en } 31/12/2020}^i = VNI_{R \text{ 4 xul } 14}^i - A_{2^{\text{o período } 2014}}^i - \sum_{2015}^{2020} A^i$$

Onde,

$VNI_{R \text{ 4 xul } 14}^i$ é o valor de investimento neto recoñecido pendente de amortizar da instalación «i» da Base de instalacións con retribución individualizada no 4 de xullo de 2014 resultante de minorar o valor de investimento recoñecido da instalación «i» ($VI_{R}^{i, f_{pem}}$) polo importe acumulado desde a súa data de posta en servizo (f_{pem}) até o 4 de xullo de 2014, en concepto de amortización ($A^i = \frac{VI_{R}^i}{VV^i}$) por aplicación da metodoloxía retributiva anterior á Lei 18/2014, do 15 de outubro, que lle concirna, sen considerar os importes percibidos polas actualizacións dese concepto previstas na metodoloxía por aplicación de diferentes factores de actualización ao consideralos importes de retribución financeira implícitos.

A^i é o importe cobrado en concepto de amortización, no segundo período de 2014 e durante o período 2015-2020, pola instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada, en aplicación da metodoloxía retributiva do anexo XI da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

2. O valor neto de investimento recoñecido pendente de amortizar no 1 de decembro de 2020 da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada cuxa posta en servizo é posterior ao 4 xullo de 2014 é o resultante da seguinte fórmula:

$$VNI_{R \text{ en } 31/12/2020}^i = VI_{R}^{i, f_{pem}} - \sum_{\text{Ano}_{pem}}^{2020} A^i$$

Onde,

$VI_{R}^{i, f_{pem}}$ é o valor de investimento recoñecido da instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada posto en marcha na data de posta en servizo « f_{pem} ».

A^i é o importe cobrado en concepto de amortización, nos anos transcorridos entre a posta en servizo e 2020, pola instalación «i» que conforma a Base de instalacións con retribución individualizada, en aplicación da metodoloxía retributiva do anexo XI da Lei 18/2014.

3. En calquera caso, o valor de investimento neto pendente de amortizar no 31 de decembro de 2020 non poderá ser negativo e tomarase 0 no suposto de que a fórmula determinase un valor negativo.

Disposición adicional quinta. *Instalacións dos gasodutos Tarifa-Córdoba e Córdoba-Campo Mayor.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2021 deixarán de aplicarse os factores redutores do 66,96% e do 41,16% establecidos, respectivamente, para os gasodutos Tarifa-Córdoba e Córdoba-Campo Mayor, co obxecto de minorar a retribución de tales instalacións na porcentaxe en que se utilicen para o tránsito de gas natural con destino a Portugal.

2. Desde esa mesma data, todos os ingresos derivados da facturación de peaxes e canons polo uso dos gasodutos Tarifa-Córdoba e Córdoba-Campo Mayor consideraranse ingresos liquidables do sistema para todos os efectos, con independencia do seu uso.

Disposición adicional sexta. *Unidades de aplicación.*

Para efectos da aplicación da metodoloxía que regula esta circular, e salvo que se indique o contrario:

- Os valores ou importes expresaranse en euros (€) con dous decimais.
- As cantidades de gas expresaranse en MWh con tres decimais.
- Os prezos e as retribucións unitarias expresaranse en €/magnitud física con tres decimais.
- As porcentaxes expresaranse con dous decimais.
- Os tantos por un expresaranse con catro decimais.

Disposición adicional sétima. *Información para o cálculo da retribución.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá a información relevante para o cálculo da retribución e, en particular, os seguintes aspectos:

- a) Os requisitos mínimos que deben cumprir as auditorías mencionadas nos artigos 11, 12, 13, 19, 23 e 25 sobre investimentos e custos de operación e mantemento en instalacións realizadas.
- b) Os anexos que se incluírán no informe de auditoría das instalacións previsto nos artigos 11, 12, 13, 19, 23 e 25.
- c) As táboas resumo de caracterización das instalacións para as cales se solicite a inclusión definitiva no réxime retributivo referidas no artigo 25.2.e).
- d) Os códigos identificativos agrupados por proxectos ou actuacións definidos no artigo 5.
- e) Calquera outra información relativa a instalacións de transporte que resulte necesaria para o cálculo da retribución ou a súa supervisión.

Disposición adicional oitava. *Coeficientes de aplicación ao RCS no período regulatorio 2021-2026.*

A retribución por continuidade de subministración para o período retributivo 2021-2026, conforme o artigo 16, será:

	2021 (xan 21-set 21)	2022 (out 21-set 22)	2023 (out 22-set 23)	2024 (out 23-set 24)	2025 (out 24-set 25)	2026 (out 25-set 26)
RCS_a^{e,A}	¾ de 95% RCS₂₀₂₀^{e,A}	80% RCS₂₀₂₀^{e,A}	65% RCS₂₀₂₀^{e,A}	50% RCS₂₀₂₀^{e,A}	35% RCS₂₀₂₀^{e,A}	20% RCS₂₀₂₀^{e,A}

Disposición adicional novena. *Valor dos parámetros contidos na circular.*

Mentres non se diten as resolucións previstas nos artigos 10, 17, 18 e 28 da presente circular:

O valor do diferencial ($XXppb$) coa taxa de retribución financeira que aplica á actividade de transporte e regasificación durante o período regulatorio en que se pon en servizo a primeira instalación construída do proxecto « P_{AD} », referido no artigo 10, fíxase en 39 puntos básicos.

Despois da súa repartición con usuarios e consumidores, a porcentaxe que manterán as empresas das melloras produtividade no período anterior ($\%R_{p-1}$), referida no artigo 17, fíxase no 50%.

A retribución unitaria adicional polo gas natural facturado a puntos de subministración de estacións de servizo para a súa venda como gas vehicular (RGS_{EES}), referida no artigo 18, fíxase en 0,50 €/MWh.

A retribución unitaria adicional polo gas natural licuado facturado desde as plantas de gas natural licuado a buques para consumo ou venda como combustible marítimo (RGS_{GNL}), referida no artigo 18, fíxase en 0,50 €/MWh.

Disposición adicional décima. *Cuantificación do axuste retributivo derivado do emprego de activos regulados en produtos e servizos conexos.*

Até que se aprobe a resolución a que alude o artigo 8.3, considerarase o cincuenta por cento dos ingresos anuais obtidos na realización de produtos ou servizos conexos para os efectos de minorar o valor anual da retribución.

Non obstante, este axuste regularizarase se da resolución a que alude o artigo 8.3 resulta unha porcentaxe inferior de ingresos que considerar.

Disposición adicional décimo primeira. *Aplicación gradual da penalización para procurar a prudencia financeira.*

Para efectos de posibilitar a adaptación das empresas aos rangos de valores recomendables, a penalización establecida no artigo 28 non será aplicable até o ano 2024, cuarto ano do primeiro período de aplicación da metodoloxía, sobre a base dun IGR baseado nos estados financeiros do ano 2022.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

A presente circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 12 de decembro de 2019.—O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, José María Marín Quemada.